



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Persoal

Anuncio aprobación inicial da modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña

ANUNCIO

En sesión celebrada o día 14 de novembro de 2022, a Xunta de Goberno Local adoptou, o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña, de acordo cos antecedentes que constan no expediente e que se recollen no anexo que se achega coa presente proposta.

Segundo.- Someter o expediente de modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello da Coruña a información pública, mediante a inserción dun anuncio no BOP, durante un prazo de vinte días para a presentación de alegacións, reclamacións ou suxestións. O prazo de vinte días iniciárase ao día seguinte da publicación do anuncio no BOP.

Se durante o prazo establecido non se presentasen alegacións, reclamacións ou suxestións, o acordo considerárase definitivamente aprobado.

De conformidade co establecido no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, poderán examinar a documentación e presentar alegacións, reclamacións ou suxestións:

Lugar onde se pode examinar a documentación:

1. Xestor de contidos ALFRESCO
2. Portal de Transparencia do Concello da Coruña: <https://coruna.gal/transparencia/rpt2022>
3. Taboleiro de anuncios e edictos da sede electrónica do Concello da Coruña: <https://sede.coruna.gob.es/>

Prazo de exposición pública para ao exame e para a presentación de reclamacións: vinte días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A Coruña, 15 de novembro de 2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PD. (03/07/2019)

O Director de Economía, Facenda e Réxime Interior

Manuel Ángel Jove Losada

2022/7152